



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Anuncio da aprobación do prezo público da escola municipal de debate e oratoria

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros, na sesión extraordinaria celebrada o día 24 setembro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DEBATE E ORATORIA

No uso das facultades contidas nos artigos 40 e 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Muros (BOP núm. 165), establécese o prezo público pola prestación do servizo da *Escola municipal de debate e oratoria*.

Artigo 1º - Fundamento e natureza:

De conformidade co previsto no artigo 6.1 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Muros, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo da *Escola municipal de debate e oratoria*.

Artigo 2º - Concepto:

O prezo público regulado neste acordo constitúe a contraprestación pecuniaria que se ha de satisfacer polos usuarios que voluntariamente soliciten a súa participación na *Escola municipal de debate e oratoria*.

Artigo 3º - Obrigados ao pagamento:

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado neste acordo as persoas que se beneficien da prestación do servizo da *Escola municipal de debate e oratoria*.

Artigo 4º - Contía:

A contía do prezo público nesta ordenanza será a fixada nas seguintes tarifas:

TARIFA	IMPORTE
Cota mensual por alumno/a	20,00 €

Artigo 5º - Nacemento da obriga:

A obriga de pagamento nace coa solicitude de participación na *Escola municipal de debate e oratoria* e deberá ser aboada no inicio da actividade.

Artigo 6º - Normas de xestión:

- Periodicidade e obrigación de pagamento

As cotas liquidaranse con carácter mensual. A obriga de aboar o prezo público nace o primeiro día de cada mes, debendo efectuarse o pagamento por adiantado.

- Formalización da inscrición

A inscrición nunha actividade non se considerará válida ata que a persoa interesada entregue debidamente cubertos os formularios de solicitude e participación (matrícula) no departamento correspondente. Sen este trámite, non se permitirá a asistencia ás clases.

- Sistema de cobro

As cotas mensuais faranse efectivas mediante domiciliación bancaria nas entidades colaboradoras do Concello de Muros. O cobro realizarase ao inicio de cada mes, conforme as tarifas vixentes establecidas no artigo 5º, sendo requisito imprescindible acompañar a matrícula cos datos bancarios necesarios.

- Procedemento de baixa

As solicitudes de baixa deberán presentarse mediante os impresos correspondentes antes do día 25 do mes inmediatamente anterior a aquel no que deban producir efectos. A tramitación realizarase nas oficinas municipais designadas. A baixa non exime do pagamento da cota correspondente ao mes en curso no momento da súa formalización, producindo efectos unicamente a partir do período impositivo seguinte.

- Consecuencias do impago

O impago de dúas mensualidades consecutivas suporá a baixa automática da persoa usuaria na *Escola municipal de debate e oratoria*.

Artigo 7º - Infraccións e sancións:

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Este acordo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 6.1 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Muros (BOP núm. 165), entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Muros, 24 de setembro de 2025

A alcaldesa,

María Lago Lestón

2025/6274